

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

CAMILO FRANCO INAUGURA EXPOSICIÓN NA CORUÑA

Contando palabras

Como xa [adiantamos](#), este sábado a Fundación [Luís Seoane](#) acolleu a inauguración da mostra *Palabras contadas*, de [Camilo Franco](#), enmarcada no [Proxecto Edición](#). No seu [blog](#), o editor de [Xerais](#) Manuel Bragado amósanos vídeos da presentación. Na cama-libro podemos intuír o novo concepto de literatura que

propón Camilo Franco:

- 09:28 24/01/2007

A literatura cambia de soporte e exhibese na sala: microrrelatos ou poemas, textos difíciles de encadrar nos xéneros tradicionais, caligrafados sobre area, impresos sobre elementos do cotián (cama, roupa, alimentos...) , ou convertidos en obxecto da mirada. Son un total de vinte pezas que conviven en diferentes formatos: imaxe fixa ou en movemento, audiovisual, escultura e mesmo anuncio luminoso.

Este vindeiro xoves 26 o Casino de Santiago de Compostela acolle, ás dez e media, a presentación de *Palabras contadas* (o libro). Será no trancurso dunha festa na que el fará a escenificación de varios textos relativos ao volume e na que contará, ademais, coa compañía do guitarrista Magín Blanco (non sabemos se sairá cun tema dos [Beatles](#), como na presentación da mostra, ou que [relatos](#) nos adiantará.

E despois aínda continuará a xira de presentación por Lugo (o 1 de febreiro ás dez, no Club [Clavicémbalo](#)), Vigo (o xoves oito á mesma hora na cafetaría Van Gogh Book), Ferrol (venres 16 ás dez no pub Carteles), Vigo de novo (desta volta será un encontro literario ás oito do martes 20 co clube de lectura da Biblioteca Central), Ponteareas (xoves 22 de febreiro ás oito na Biblioteca Pública) e A Coruña (luns 26, encontro cos talleres literarios do Fórum Metropolitano). E aínda pasará por Vilagarcía e Pontevedra.